

A prosa de Fernández Naval soa a poesía

{RELATOS}

José Manuel Estévez-Saá

CANDO SE DI dun escritor que a súa narrativa soa como a poesía está a darse a entender, desde un punto de vista metafórico, que a súa produción literaria reúne unha serie de características que a fan atractiva ao lector, como a precisión na linguaxe, a sonori- dade da mesma, a mestría na caracterización dos personaxes ou a brillantez á hora de construír as situacións dramáticas. Todos estes trazos distintivos definen a esencia de *Para seguir bailando*, unha colección de dez marabillo- sos relatos escritos por Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956). Isto non nos sorprende, espe- cialmente tendo en conta que este creador, ademais de narra- dor, é tamén un reputado poeta. Quizá sexa por iso que a pericia e sensibilidade coa que elabora as súas composicións poéticas nece- sariamente terminen afectando asemade á súa prosa. A través

dos relatos que compoñen o libro, Fernández Naval convidanos a percorrer o noso pasado recente. Son historias cotiás, as nosas his- torias de alegrías e penas, de ami- zade e soidade. Todas elas se engarzan en espazos comúns, puntos xeográficos de todos co- ñecidos, e que son testemuñas tamén do transcorrer dun tempo que, como a nós, aféctalles e os transforma. Son historias tamén reais, e por iso cóidase o autor de non falar en abstracto senón de dar nome e significado a cada un dos personaxes que o habitan, fa- cendo que nos resulten máis fami- liares. O mesmo sucede cos espazos. Se, por exemplo, o relato sitúase en Ourense, zonas como As Lagoas, as beiras do Miño, Oira, A Rabaza, A Ponte ou A Pe- roxa fanse ouvir. Tamén hai es- pazo no libro para a reflexión sobre ética ou relixión; e Aristóte- les, Wittgenstein, Bertrand Rus- sell, Shopenhauer ou Santo Tomás de Aquino déixanse acom- pañar polo son de fondo dun *Me- sías* de Haendel ou unhas cantatas de Bach. Pero o libro representa, sobre todo, unha mirada ao ser



Francisco X. Fernández Naval domina os distintos xéneros literarios

humano en toda a súa esencia. Quizá por iso estuda con delica- deza ao home e á muller na súa faceta non só social senón tamén familiar; e describe como a ten- rura se pode transformar en vio- lencia até irromper na familia

truncando soños e creando outros. A realidade cotiá máis próxima ao lector é a fonte de inspiración dun Fernández Naval que non dubida á hora de escri- bir sobre o propio proceso crea- tivo, sobre a experiencia da

emigración e o éxodo rural, ou sobre o modo en que a honradez de institucións e organizacións é ás veces desestabilizada pola sutil ameaza da corrupción. Estamos fronte a un autor cuxa vida e obra representan un compromiso co patrimonio cultural de Galicia, e que foi galardoado con premios de narrativa como o Xerais de Novela, e de poesía como o Ci- dade de Ourense ou o Fiz Vergara Vilariño, que recibiu hai pouco.

Francisco X. Fernández Naval
Para seguir bailando



Para seguir bailando
Francisco X. Fernández Naval
Xerais, 2009, 152 páxs. 15.80 €